

MOSTRA do POSIBLE

Alternativas para un mundo mellor

dende a Economía Social e Solidaria e os Movementos Sociais de Galicia

Cangas do Morrazo 5 e 6 outubro 2019

FEIRA DE ECOLOXÍA E ARTESANÍA

A **Mostra do Posible** é un encontro de colectivos pertencentes á **Economía Social e Solidaria** e aos **Movementos Sociais** de Galicia. Queremos visibilizar que existen alternativas para construír un mundo máis xusto, ecolóxico e democrático.

Moitas iniciativas individuais traballan para acadar as mesmas finalidades dende a autoprodución, a artesanía ou a produción ecolóxica. Para darlles visibilidade creamos a **Feira de Ecoloxía e Artesanía** na Mostra do Posible.



BASES:

- Poderán participar na Feira de Ecoloxía e Artesanía aquelas persoas non organizadas como colectivos que aporten solucións ecolóxicas, artesanais ou que traballen dende a autoprodución.
- A organización encargárase de asignar espazos para situar os postos e publicitar a Feira de Ecoloxía e Artesanía. As

persoas que reserven os espazos encargáranse dispor o necesario para montar o seu posto (mesa, toldo,..)

- O horario da Feira será sábado 5 e domingo 6 de outubro, de 11:00-14:00 e de 17:00-20:00.
- A organización non se fai responsable dos artigos expostos nin da xestión dos mesmos. Así mesmo, cada posto será responsable de garantir a seguridade necesaria e da limpeza final do espazo que ocupou.
- En caso de bo tempo a Feira de Ecoloxía e Artesanía terá lugar na

Alameda nova de Cangas. En caso de mal tempo, terá lugar nos soportais exteriores da Casa da Cultura de Cangas.



- O número de espazos disponibles para reservar é limitado. A reserva dos espazos realizarase por orde de inscrición.

RESERVA DE ESPAZOS:

A reserva de espazos polos dous días implica o pago de 30 € para colaborar no pago dos custes que ocasiona a Mostra do Posible.

PASOS RESERVA:

1. Deberase realizar un ingreso de 30 € no seguinte número de conta, indicando: **"FEIRA DE ECOLOXÍA E ARTESANÍA + Nome do Posto"**
ES31 3070 0045 1961 1363 2522 Caixa Rural Galega
2. Deberase enviar o resguardo de ter feito o ingreso a:
info@mostradoposible.gal

PRAZO RESERVA:

O prazo para reservar espazos remata o 27 de setembro de 2019.

DISTRIBUCIÓN ESPAZOS:

Aínda que a distribución de espazos non está rematada de definir, previsiblemente serán similares aos da Mostra do Posible 2018:

